



CPR Plurilingüe Compañía de María • Santiago de Compostela
ORDE DA COMPAÑÍA DE MARÍA N.S.

ADMISIÓN DE ALUMNOS CURSO 2019/2020

ED. INFANTIL

ED. PRIMARIA

E.S.O.



NORMATIVA REGULADORA SOBRE O PROCEDO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO:

**DECRETO 254/2012, DO 13 DE DECEMBRO
(DOG DO 26 DE DECEMBRO 2012)**

**ORDE DO 12 DE MARZO DE 2013
(DOG DO 15 DE MARZO 2013)**

**ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2017
(DOG DO 1 DE FEBREIRO DE 2017)**

POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 12 DE MARZO DE 2013

**INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E
RECURSOS HUMANOS
(12 de febreiro de 2019)**

**CIRCULAR DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA
(18 de febreiro de 2019)**

Segundo a orde do 12 de marzo de 2013, pola que se regula o PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos e a súa modificación pola Orde do 25 de xaneiro de 2017 INFORMAMOS

- Cada solicitante **presentará unha ÚNICA solicitude** e terá carácter vinculante, e nela poderán relacionarse ata seis centros, por orden de preferencia.
- A solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que queda sen efecto a presentada con anterioridade. **A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o día 20 de marzo que é o último día do prazo de presentación de solicitudes de admisión.**
- **A solicitude** axustarase o formulario normalizado Anexo II (procedemento **ED550B**) aprobado da Orde de 25 de xaneiro de 2017 (DOG do 1/2/17), que será facilitado gratuitamente nos correspondentes centros docentes e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación “admisionalumnado” e na páxina web da consellería competente en materia de educación.
- Poderase presentar de forma presencial no centro (unha vez cuberto o formulario normalizado, ben manualmente ou ben a través da aplicación “**admisionalumnado**”), directamente a través da aplicación “**admisionalumnado**” ou directamente na sede electrónica da Xunta. A solicitude na sede electrónica ten asignado o código **ED550B**.
- A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.
- Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situación de violencia de xénero.

- Así mesmo, o alumnado e as familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación informática “**admisionalumnado**” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) utilizando o código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- **A solicitude perderá os dereitos de prioridade** cando se presenten máis dunha ou cando se comprobe falsidade da documentación achegada polo interesado.
- Unha vez admitido un alumno nun centro queda garantida a súa permanencia no mesmo ata a finalización das ensinanzas que o centro estea autorizado a impartir. Se presenta unha solicitude de admisión noutro centro distinto, deberá comunicalo ao centro de orixe. A admisión do alumno no novo centro implicará a perda do dereito de permanencia.
- O alumno que ten reserva de praza nun centro (adscrito) se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva, antes do inicio do prazo de solicitudes de admisión.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR COA SOLICITUDE

- Fotocopia do libro de familia ou DNI do alumno.
- Documento acreditativo de estar en disposicións de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa nos termos do Anexo II.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, de ser o caso.
- Copia do DNI do solicitante e dos membros computables da unidade familiar *cando se denegue a autorización para a súa consulta automática pola administración.*
- **Criterios de baremación: de existir máis demanda que oferta de prazas**, a admisión rexerese polos seguintes criterios, presentando a **documentación acreditativa**:
 - **Irmáns no centro** (Fotocopia completa do libro de familia e certificación do Centro)
 - **Pais que traballen no centro.** (Copia do contrato de traballo)
 - **Proximidade do domicilio familiar**, acreditar un ano de antigüidade e coincidir co domicilio fiscal (certificado Padrón Municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar)
 - **Proximidade do lugar de traballo:**
 - * Por conta allea: (certificado da empresa máis contrato de traballo)
 - * Por conta propia: (alta censal inicial ante a Axencia Estatal da Administración)

Tributaria e alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social, coas súas modificacións)

* Persoal ao servizo das administracións públicas: Certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

- **Domicilio fiscal e Renda per cápita da unidade familiar** do exercicio 2017 de non existir autorización expresa para a utilización da información de carácter tributario polos dous proxenitores cónxuxes.
- **Discapacidade** (Certificación do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Traballo e Benestar, ou polo órgano competente das administracións públicas) **de non autorizar a consulta de datos.**
- **Familia numerosa** (Fotocopia do Título oficial) **de non autorizar a consulta de datos.**
- **Familia monoparental** (Certificación de Recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.
- **Criterio complementario** (Certificación de ser antigo/a alumno/a do Colexio da Compañía de María no que realizou os seus estudos).

Teranse en conta para a consideración de **familia numerosa** os artigos 10 e 11 e **familia monoparental** o artigo 13 que determina a Lei 3/2011, do 30 de xuño de 2011.

Toda a documentación deberá ser orixinal. Tamén pode ser copia que se cotexará no Centro sempre que se presente co orixinal.

CALENDARIO DO PROCESO

ANTES DO 1 DE MARZO	PUBLICACIÓN VACANTES
DO 01 AO 20 DE MARZO	PRESENTACIÓN SOLICITUDES ADMISIÓN
DO 25 de MARZO AO 5 ABRIL	PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA (en caso de haber máis demanda que oferta)
ANTES 25 DE ABRIL	PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS
ANTES DO 15 DE MAIO	PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS
DO 20 AO 01 DE XULLO	FORMALIZACIÓN DE MATRICULA ED. INFANTIL E ED.PRIMARIA
DO 25 DE XUÑO AO 10 DE XULLO	FORMALIZACIÓN DE MATRICULA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
DO 1 AO 10 DE SETEMBRO	PRAZO EXTRAORDINARIO FORMALIZACIÓN DE MATRICULA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CRITERIOS XERAIS DE BAREMO

IRMÁNS/ÁS NO CENTRO	Primeiro irmán: 8 PUNTOS Segundo e seguintes: 2 PUNTOS cada un
TRABALLADOR/A DO PROPIO CENTRO	3 PUNTOS, non acumulables por ambos proxenitores
PROXIMIDADE DO DOMICILIO FAMILIAR AO CENTRO	Na área de influencia: 6 PUNTOS En áreas limítrofes: 3 PUNTOS
LUGAR DE TRABALLO DO PAI/NAI/TITOR	Na área de influencia: 4 PUNTOS En áreas limítrofes: 2 PUNTOS
RENDA ANUAL PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR (IPREM ano 2017: 6.454,03€)	Inferiores a 0,5 veces o IPREM: 3 PUNTOS Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 PUNTOS Igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: 1 PUNTO Igual ou superior ao IPREM. 0 PUNTOS
PERTENZA A FAMILIA NUMEROSA	Categoría xeral: 2 PUNTOS Categoría especial: 3 PUNTOS
CONDICIÓN DE FAMILIA MONOPARENTAL	2 PUNTOS
DISCAPACIDADE	Do alumno/a: 4 PUNTOS Dun pai, nai ou titor: 3 PUNTOS Irmán ou irmá: 1 PUNTO por cada un deles
PROXENITOR/A ANTIGO ALUMNO/A DA COMPAÑÍA DE MARÍA	1 PUNTO

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS

MADRUGADORES

COMEDOR

TRANSPORTE ESCOLAR

HORARIO DA SECRETARÍA PARA TRÁMITES DE ADMISIÓN:

MAÑÁ → 9:00 h. a 13:00 h.

TARDE → 16:00 h. a 17:30 h.

PRAZAS VACANTE CURSO 2019/2020

CURSO	PRAZAS
4º ED.INFANTIL (3 ANOS)	66+9*
5º ED.INFANTIL (4 ANOS)	14
6º ED.INFANTIL (5 ANOS)	2
1º ED. PRIMARIA	5*
2º ED. PRIMARIA	1
3º ED. PRIMARIA	1
4º ED. PRIMARIA	1
5º ED. PRIMARIA	0
6º ED. PRIMARIA	0
1º ESO	9+9*
2º ESO	0
3º ESO	0
4º ESO	3

Nota: (*) Postos escolares á disposición da Comisión de Escolarización ou do Servizo Prov. da Inspección para a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que, no caso de non adxudicarse, se asignarán dentro do procedemento ordinario de admisión e, se é o caso, no subsidiario.

**TEDES INFORMACIÓN COMPLETA DA NORMATIVA E DO IDEARIO DO
CENTRO NUN TABOEIRO NA PORTERÍA DO COLEXIO E NA PÁXINA**

WEB: www.ciamariasantiago.org

COMPANHIA DE MARIÁ